

COMUNICACIÓN DE APERTURA / INICIO DE ACTIVIDADE

¿CÁNDO SE PRESENTA?

Unha vez rematadas as obras previamente autorizadas ou comunicadas con destino a unha determinada actividade (uso distinto do de vivenda), a posta en marcha da mesma require presentar previamente unha comunicación de apertura. Este trámite tamén é obrigatorio cando non fora necesario realizar obras, se por exemplo se produce un cambio (sustancial ou non) na actividade. Para os cambios de titular existe un modelo específico de comunicación.

INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR A COMUNICACIÓN DE APERTURA:

- a) Actividade a realizar: epígrafe do IAE e, de ser o caso, do Catálogo autonómico de espectáculos e actividades recreativas
- b) Localización: referencia catastral

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA COMUNICACIÓN DE APERTURA:

- a) Xustificante do pagamento das taxas
- b) Se foi necesario facer obras maiores ou menores que requiriron proxecto técnico (de obra/actividade): certificado de fin de obra no que se identifique a licenza/comunicación da obra
- c) Se non foron necesarias obras, pero se trata dunha nova actividade ou se modifica sustancialmente a que ten autorizada/comunicada o local: deberá presentar **proxecto técnico de actividade e autorizacións/declaración/informes ambientais/sectoriais que sexan preceptivos** .
- d) Seguro de RC.
- e) Actividades recreativas e espectáculos públicos incluídos no Catálogo autonómico e recintos ruidosos (segundo a definición do documento básico DBHR): certificado de acústica.
- f) Manifestación do solicitante en relación co establecido no artigo 24.1.f da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento.
- g) **De conformidade co previsto no artigo 11.1 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, deberá presentar un informe acústico que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a partir de medicións realizadas no local en que se pretenda desenvolver a actividade que, partindo da clasificación de actividades recollida na alínea A) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados na alínea B) do mesmo anexo.**

(Non será obrigatorio a achega do informe acústico referido anteriormente en caso de que as persoas titulares das actividades do grupo 0 (despachos profesionales, farmacias, librerías, papelerías, fruterías, tiendas, estancos y similares), que fagan constar expresamente, no momento de presentar a comunicación, que ditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, ou a 70 dB en caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído. Isto enténdese sen prexuízo das labores de comprobación que posteriormente efectúe a Administración local.)